

Órgano ou entidade impulsora: Instituto de Estudos do Territorio

Departamento: Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Estado actual: Consulta aberta

Prazo para remitir achegas/opiniós: 06/10/2023 - 20/10/2023

Forma de remitir achegas/opiniós: poderán ser presentadas cantas achegas/opiniós se estimen convenientes por vía electrónica a través do formulario habilitado nesta mesma páxina.

Información sobre a norma :

Antecedentes:

O Convenio Europeo da Paisaxe (Consello de Europa, 2000) iniciou unha nova etapa na consideración da paisaxe, na que Galicia foi unha das primeiras Comunidades Autónomas en dotarse dunha normativa específica sobre paisaxe:

- A Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia
- O Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- O Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia.
- O Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia.

Problemas que se pretenden solucionar:

As terrazas, lugar de encontro e relación social, que achegan vitalidade aos espazos urbanos, producen unha ocupación do espazo público por unha actividade de carácter privado que en ocasións produce inconvenientes e impactos que é necesario controlar e minimizar.

O deseño do mobiliario, a súa utilización como soporte publicitario, a incorporación de elementos de división ou protección fronte ao vento ou a choiva, ou a inclusión doutro tipo de elementos como pla-

taformas, tarimas ou peches, poden supoñer un efecto sobre a paisaxe urbana.

Necesidade e oportunidade da súa aprobación:

A necesidade e oportunidade da Guía vén xustificada pola propia existencia do Convenio Europeo da Paisaxe e polo artigo 50 do Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, que recolle a elaboración dos manuais e guías técnicas, coa finalidade de divulgar os valores das paisaxes de Galicia, ofrecer orientacións ou recomendacións para a integración paisaxística de determinadas actuacións, facilitar a aplicación das disposicións da lexislación sobre paisaxe e fomentar boas prácticas de intervención na paisaxe.

Obxectivos:

Coa elaboración desta guía preténdense expoñer solucións prácticas e recomendacións que permitan que os equipamentos das terrazas e a súa disposición nos espazos públicos que ocupen teñan unha boa integración paisaxística coa contorna onde se sitúan.

Así pois, a finalidade da guía é establecer recomendacións para o coidado do espazo público atendendo ao patrimonio urbano, para obter unha calidade e hospitalidade no trato tanto do cliente das terrazas coma dos visitantes de tránsito por estes lugares.

A unidade e harmonía no deseño do resto dos elementos que poidan formar parte da terraza, antucas, toldos, paneis, rótulos etc. é fundamental para conseguir unha imaxe unitaria e de calidade.

Posibles solucións, alternativas, regulatorias e non regulatorias:

A elaboración desta guía ven amparada, como se ten indicado, polo contido previsto no artigo 50 do Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

Como o resto de volumes da Colección Paisaxe Galega, esta guía pretende ser unha ferramenta de referencia e axuda, dirixida tanto ás

Administracións Públicas como aos particulares, para avanzar na investigación e aplicación de boas prácticas para a integración paisaxística, en consonancia coas políticas de protección, xestión e ordenación da paisaxe que propugnan o Convenio Europeo da Paisaxe e a Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

Asunto: Ficha técnica para a consulta pública dos traballos da guía de terrazas no espazo público

Introdución:

As terrazas cada vez gozan de maior popularidade como lugares onde gozar do ambiente exterior e da paisaxe urbana ou natural.

A realización dun manual ou guía de boas prácticas para o deseño de terrazas en Galicia podería ser un instrumento útil para incrementar a calidade do espazo público.

As terrazas constitúen lugares de encontro e relación social que achegan vitalidade aos espazos urbanos. Con todo, esta ocupación do espazo público por unha actividade de carácter privado produce inconvenientes e impactos que é necesario controlar e minimizar.

As terrazas crean lugares de estar que prolongan no exterior a actividade dos bares, cafeterías e restaurantes. Permiten gozar do aire libre e o sol, pero tamén do ambiente da cidade. Son puntos de interrelación entre os viandantes e os, dalgún modo por un momento, espectadores do espectáculo urbano. Son tamén espazos de encontro e reunión, que contribúen ao estímulo das relacións sociais e ao sentido de pertenza á cidade, ao pobo ou ao barrio.

Estes aspectos achegan vitalidade á rúa que, nas zonas comerciais, estimula a actividade do pequeno comercio, e nos centros urbanos e nos centros históricos serve de complemento ás actividades culturais. O ambiente que a presenza de terrazas contribúe a crear nos espazos públicos supón tamén un forte atractivo para a actividade turística.

As terrazas favorecen a presenza de persoas no espazo público, o que acrecenta a sensación de seguridade para o viandante. Dalgún modo a xente que ocupa as terrazas contribúe á vixilancia do espazo urbano e con iso a unha maior seguridade.

CONDICIONANTES DE DESEÑO

Criterios de deseño

O establecemento de criterios de deseño adecuados é fundamental para evitar a deterioración da imaxe urbana. As formas de ocupación do espazo público deben de estar claramente definidas para evitar a súa invasión polas terrazas, relegando o espazo do peón á condición de espazo residual ou de mero acceso ás propias terrazas.

O deseño do mobiliario é fundamental, o tamaño de cadeiras e mesas inflúen directamente na ocupación do espazo. Pero o deseño de cadeiras e mesas é tamén determinante o carácter do

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 755 / 56
secretaria.iet@xunta.gal
cmatv.xunta.gal

espazo público.

En algúns países e cidades o mobiliario das terrazas constitúe un elemento de identidade. Os materiais, madeira, vime, metal e a calidade do deseño din moito do lugar no que nos atopamos, do coidado co que se trata o espazo público, da atención ao patrimonio urbano, da calidade de vida e de hospitalidade coa que se trata ao cliente e ao visitante.

A unidade e harmonía no deseño do resto dos elementos que poidan formar parte da terraza, antucas, toldos, paneis, rótulos etc. é fundamental para conseguir unha imaxe unitaria e de calidade.

Na elección e o deseño dos elementos que constitúen as terrazas é fundamental ter en conta que estas determinan a imaxe do espazo público e por tanto pertencen máis a el que ao establecemento, bar, cafetería ou restaurante, do que forman parte.

En moitos casos os criterios de integración, unidade e mesmo austeridade, como protección da imaxe urbana, deben antepoñerse aos propios de deseño, comerciais ou publicitarios do establecemento do que forman parte.

Condicionantes en función da súa localización

Nas terrazas situadas en parques e xardíns, nos espazos naturais e nas praias os impactos poden ser tamén moi intensos en función da súa configuración e do deseño do seu mobiliario e elementos de protección e división.

En determinados casos, nos que as terrazas están situadas en contornas de especial valor, como centros históricos, ou en lugares nos que a unidade de deseño arquitectónico requírao, como prazas ou rúas con características específicas, os criterios de deseño deben ser unitarios e concretos, de modo que as terrazas supoñan un complemento á arquitectura e non un impacto que deteriore a imaxe do conxunto.

As terrazas forman parte do mobiliario urbano das rúas e prazas, nos centros históricos, case xa todos peonís, constitúen o principal elemento móbil, polo que as súas condicións de deseño e disposición son importantísimas para preservar a calidade destes ámbitos.

As terrazas situadas nos barrios da periferia tamén deben ser tratadas con atención, nalgúns casos suplen a falta de espazos públicos de reunión e contribúen á vida e á seguridade de espazos cun tránsito máis reducido. En certo modo, as terrazas de bares e cafeterías colonizan os espazos públicos dos novos barrios, achegan a vida na rúa que pode dar lugar á apertura de negocios e comercios.

As terrazas situadas en parques, espazos naturais e praias requiren un tratamento específico.

A sensibilidade coa que deben de ser tratados estes lugares require o establecemento de criterios específicos, distintos dos do espazo urbano.

ESQUEMA DE CONTIDOS

1. Elementos generales

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 755 / 56
secretaria.iet@xunta.gal
cmatv.xunta.gal

- 1.1. Fomento da relación social
- 1.2. Achegan vitalidade ao espazo público
- 1.3. Contribúen a estimular a actividade comercial
- 1.4. Son un atractivo desde o punto de vista turístico
- 1.5. En determinadas zonas, incrementan a sensación de seguridade

2. Criterios de deseño

- 2.1. Disposición das terrazas, formas de ocupación do espazo.
- 2.2. Mobiliario: mesas e cadeiras, deseño, materiais cores
- 2.3. Elementos informativos e publicitarios: menús, lousas, imaxes
- 2.4. Elementos de protección e separación: antucas, toldos, biombos, paneis. Materiais e cores
- 2.5. Outros elementos: pavimentos, macetas estufas
- 2.6. A publicidade no mobiliario, antucas e toldos

3. Condicionantes específicos en función da localización

- 3.1. Centros históricos
- 3.2. Prazas
- 3.3. Rúas e soportais
- 3.4. Terrazas de Barrio
- 3.5. Espazos naturais: parques, praias